



TECNOCOM E VOXWEB POÑEN VOZ AO PORTAL WEB DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

O Servizo Galego de Saúde acaba de por en marcha un sistema que permite a conversión a voz (galego e castelán) de contidos textuais dos seus portais web.

O Servizo Galego de Saúde confiou a Tecnocom a posta en marcha de dito sistema, o cal avanza un novo concepto na estratexia tecnolóxica das Administracións Públicas (en este caso no subsector sanitario) nos seus procesos e interfaces orientados ao servizo cidadán. Aos xa coñecidos conceptos de multidispositivo (interacción cos mesmos procesos por distintos tipos de dispositivo), multiidioma (interacción cos mesmos procesos en distintos idiomas) e multicanalidad (interacción cos mesmos procesos por diversos canles; internet, presencial e telefónico) únese un novo concepto que é a **multicomunicación** (para un mesmo canle; internet, distintos modos de comunicación; voz e texto) que redunda especialmente en certos aspectos que rodean a **e-inclusion**, como é a accesibilidade aos contidos web por parte da cidadanía con certo grado de discapacidade visual.

A solución de voz proposta por Tecnocom, ademais dos servizos necesarios para a integración nos entornos web do Servizo Galego de Saúde, plantea unha arquitectura baseada en un “Display” de conversión a voz para contidos web altamente parametrizable baseado nun produto do fabricante VOXWEB (<http://www.voxweb.es>), especializado en el desenvolvemento de aplicacións con voz, moi especialmente no entorno internet. Dita solución integra un motor TTS para síntese de voz do fabricante LOQUENDO (www.loquendo.es), líder no mercado europeo de motores de síntese (TTS) e recoñecemento de voz (ASR), co maior oferta de idiomas e voces dispoñible no mercado. (*)

(*) Tecnocom e Loquendo participaron nun proxecto conxunto I+D financiado pola Xunta de Galicia, para o desenvolvemento da única voz existente no idioma galego.

Acerca de TecnoCom

TecnoCom é unha Multinacional Española, que cotiza no mercado continuo da bolsa de Madrid, con vocación de liderado no sector TIC e unha estratexia de forte presenza rexional. TecnoCom é líder en Galicia e dende a súa sede rexional nesta comunidade presta unha ampla gama de servizos TIC tanto a clientes do mercado galego coma do resto do mercado ibérico e latinoamericano.

A rexional Noroeste de TecnoCom conta con máis de 540 empregados localizados nas súas oficinas de La Coruña, Santiago e Vigo.

Ademais, TecnoCom é unha das cinco maiores Compañías do sector en España, incluídas as estranxeiras.